


Complicidades e medos

NARRATIVA A obra de F. Lorenzo, premiada co Blanco Amor 2014, recrea o estado de represión franquista na cidade de Vigo durante os anos que seguiron á guerra civil.

Camiño Noia Texto

Como membro do xurado Blanco Amor de novela 2014 que premiou a novela *Cabalos e lobos*, quero participar na polémica provocada a raíz da entrevista de César Lorenzo a Rexina R. Vega (*Biosbardía* 27/04/2015). A profesora viguesa opina con liberdade sobre a situación actual da escrita literaria en Galicia: sobre os premios, xurados e empresas editoras. As consideracións da entrevistada, máis que loas e ataques, merecerían un debate sosegado e razoado entre os axentes implicados. As súas propostas están pensadas e achegan ideas dignas de maior atención para quen sexa consciente das debilidades do sistema literario galego.

Entre outras cousas, Rexina considera os premios un “factor de distorsión no sistema literario galego” e propón eliminalos. “Amosan a enorme desorientación que existe en canto aos criterios de calidade”, di, e a mostra está en que cada xurado valora “unha cousa diferente”, preguntándose se “non debería haber certa unanimidade cando aparece unha obra mestra”. E unha das causas do problema é, para ela, que os premios “están controlados por moi poucas mans. Mans de intermediarios literarios entre os que non houbo renovación nos últimos vinte e cinco anos”. Afirmación coa que concordo, mais que, na miña opinión, parece contradicir a diversidade de criterio que ela lles critica ós xurados. Se cada xurado premia cousas diferentes e ningún dá sacado a ‘obra mestra’, non sei se é debido a non haber xente nova nos xurados, sen contaminar por tantas lecturas, ou a outras razóns.



Cabalos e lobos
Fran P. Lorenzo
Xerais, 2015

A novela recrea a convivencia alemá coa burguesía da cidade e relata episodios referentes a espionaxe, ocultación de asasinios nazis ou provedores de alimentos para o exército que loita contra os aliados. Fala da inhumanidade dos vencedores contra os propios veciños, do terror que exerce o Réxime franquista contra aqueles que non se ateen ás estritas normas de conduta.

Como parte das mans de intermediarios (póñase en feminino), controladoras dos premios, síntome implicada no debate pois van alá trinta e dous anos que, con maior ou menor frecuencia, ando a ler obras que concorren a premios. E, cando meses atrás me chamaron para o xurado do Blanco Amor, convencida de que cómpre facer “unha remuda” e cambiar “as mans”, argumentei que deberían chamar xente nova. Mais, dito iso, quero exculpar as editoriais galegas, pois, no meu caso, non teñen responsabilidade ningunha en que participe en xurados.

A novela de Fran Lorenzo

Cabalos e lobos, de Fran Lorenzo, foi premiada por unanimidade despois de valorar con atención unha media ducia de obras merecentes do premio. E, malia non ser a obra mestra que agardamos, creo que atinamos pois é unha gran novela. A proba de calidade, entre outras, está en que resiste segundas lecturas.

Na volta á casa familiar despois de varios anos de ausencia, Paula observa as aparentes frivolidades e cambios de humor da nai e o silencio melancólico do tío Álvaro. Intúe que hai episodios que lle ocultan e quere coñecerlos; fai preguntas que non teñen resposta, pero ela segue a inquirir e as historias familiares acábanse por revelar.

Trátase da historia dunha familia burguesa de orixe alemá, situada en Vigo despois da Primeira Guerra europea. E, como xa fixeran, M^a Xosé Queizán, Manuel Forcadela, Francisco Castro e outros, a cidade de Vigo é o espazo narrativo no que suceden e se desenvolven as histo-

rias nun tempo delongado, que vai desde a década dos anos vinte á actualidade. As secuencias temporais alternan a partir da presentación dun suceso ocorrido en 1960, no oitavo piso da casa número 2 da Gran Vía, centro simbólico da historia, que, desde aquel momento se converteu “nunha embaixada da infelicidade”, e mudou as vidas. A protagonista, Paula Costas, conduce a narración e activa o ventilador para sacar á luz sucesos do pasado cos que ela vai tecendo a trama familiar ata darlle voz ó tío Álvaro que completa a historia nun discurso epistolar.

Como fixera a Queizán en *Amor de tango*, Fran Lorenzo narra a vida oculta dunha familia para revisar a historia social e política da cidade de Vigo dos anos que seguiron á guerra civil, coincidentes coa segunda guerra mundial. Unha cidade industrial dominada pola burguesía empresarial da que formaron parte as familias alemás simpatizantes do III Reich, axudado por Franco. A novela recrea a convivencia alemá coa burguesía da cidade e relata episodios baseados en feitos reais referentes a traballos de espionaxe, ocultación de asasinatos nazis ou provedores de alimentos para o exército que loita contra os aliados. Fala da inhumanidade dos vencedores nazis contra os propios veciños, da represión e do terror que exerce o Réxime franquista contra aqueles que non se atañen ás estritas normas de conduta social que se esixían, do papel secundario da muller ou do clasismo da alta burguesía. Un clasismo ben marcado, mais que, na miña opinión, non chega a ser enfron-



Outro dos valores está na utilización dun discurso narrativo coidado, de admirable expresividade, rico en léxico, que descobre as boas lecturas do autor. Thomas Mann, entre outros, están no palimpsesto do texto narrativo. O propio Lorenzo di que *Os Buddenbrook* están na base da novela.

tamento de clases porque cada quen sabe onde está o seu sitio e coñece os seus dereitos.

Cabalos e lobos podería considerarse unha crónica da cidade viguesa

ou unha novela de recreación historicista, mais non unha novela rosa, como ten apuntado o autor. Non hai melodrama aínda que se centre na descrición minuciosa dos trazos de beleza, feminina e masculina, e do vestiario. Eu diría que é, máis ben, unha historia de mulleres. Os personaxes de Paula e da nai son esenciais na historia, precisamente, desde a súa condición de mulleres, tan ben deseñada na narración. A importancia da nai, hermética e autoritaria, está no papel que asume como alicerce da familia e da casa, con todo o que iso lle esixe, así como pola relación de amor-xenreira que mantén coa filla.

Paula é o eixe da historia, como personaxe e narradora, pois a través da súa voz coñecemos o resto dos personaxes: a nai, o tío Álvaro, o fillo, o pai imaxinado, a criada Delfina. A creación dos personaxes é, para min, un dos valores esenciais da novela, especialmente o de Paula, no que percibimos a súa evolución no transcorrer da historia. Outro dos valores está na utilización dun discurso narrativo coidado, de admirable expresividade, rico en léxico, que descobre as boas lecturas do autor. Thomas Mann, entre outros, está no palimpsesto do texto narrativo. O propio Lorenzo di que *Os Buddenbrook* de Mann está na base da novela. Malia a que os dous libros non soporitarían a comparación, se entendemos a escritura como un intercambio de cultura libresca e realidade, acreditado na relación, cumpríndose así a máxima de George Steiner de que “toda verdadeira lectura esixe un libro como resposta”.